

**ACTA NÚM. 13/2024.**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O  
DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2024.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 18 de decembro de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:  
PABLO LAGO SANMARTÍN. (PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:  
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.  
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.  
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.  
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.  
CARLOS NOYA PEREIRA.

-. PP:  
EMILIO JESÚS APARICIO PÉREZ.  
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.

-. BNG:  
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.  
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.  
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.

Non asisten:  
MARÍA FARIÑA BELLÓN.  
WALDO CARBALLO GARCÍA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste o interventor do Concello Luis Taboada Hervella.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

---

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 27.11.2024.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 11.10.2024 AO 13.12.2024.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE CONCESIÓN DE SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DE MELLORA DA E.E. MEDIANTE TECNOLOXÍA LED NO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR.

5º) DACIÓN DE CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO PARA 2024 ELABORADO POR INTERVENCIÓN.

6º) MOCIÓNS.

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

---

#### **1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 27.11.2024.**

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión anterior núm. 12/2024, do 27.11.2024.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos once membros presentes acorda aprobala.

#### **2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 11.10.2024 AO 13.12.2024.**

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data sinatura	Asunto
00638/2024	11/10/2024	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA SETEMBRO
00639/2024	11/10/2024	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA SETEMBRO
00640/2024	11/10/2024	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/58
00641/2024	11/10/2024	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2024
00642/2024	14/10/2024	RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 157
00643/2024	14/10/2024	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 193
00644/2024	15/10/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000033270
00645/2024	16/10/2024	BAIXA XANTAR NA CASA EXPTE. 60
00646/2024	16/10/2024	BAIXA SAF 06/2024-M
00647/2024	16/10/2024	DECRETO POLO QUE SE AUTORIZA O TELETRABALLO AO INTERVENTOR MUNICIPAL
00648/2024	16/10/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS: REFORMADO DE PAVIMENTACIÓN DE ACCESO A GOSENDE E OUTROS
00649/2024	18/10/2024	AMPLIACIÓN SAF EXPTE.11/2023-M-D
00650/2024	18/10/2024	AMPLIACIÓN SAF EXPTE. 21/2023-D

00651/2024	18/10/2024	APROBACIÓN CONVENIO PARA A RENOVACIÓN DA PERMANENCIA NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE BRIÓN
00652/2024	21/10/2024	FINALIZACIÓN DA RELACIÓN LABORAL POR SUBSTITUCIÓN DUN PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS
00653/2024	21/10/2024	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DÍA 22/10/2024 ÁS 14:00 HORAS
00654/2024	22/10/2024	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 10/2024-D
00655/2024	22/10/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000033340
00656/2024	23/10/2024	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 09/2024-D
00657/2024	23/10/2024	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 08/2024-D
00658/2024	23/10/2024	APROBACIÓN DO CUSTO EFECTIVO DOS SERVIZOS PÚBLICOS DE 2023
00659/2024	24/10/2024	EMERXENCIA MUNICIPAL_09/2024
00660/2024	24/10/2024	SOLICITUDE DE REINCORPORACIÓN A UN POSTO DE PEÓN GES
00661/2024	24/10/2024	EMERXENCIA MUNICIPAL_07/2024
00662/2024	24/10/2024	EMERXENCIA MUNICIPAL_08/2024
00663/2024	24/10/2024	APROBACIÓN BASES VII PREMIO LAUDAMUCO PARA TEXTOS TEATRAIS 2025
00664/2024	24/10/2024	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PARA MANTEMENTO SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS 2025
00665/2024	25/10/2024	RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. OUTUBRO 2024
00666/2024	25/10/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. CEIP DE PEDROUZOS
00667/2024	25/10/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. S. D. CAZADORES ALTAMIRA
00668/2024	25/10/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. S. D. BRIÓN
00669/2024	25/10/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. S. D. LUAÑA
00670/2024	25/10/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. BASTAVALES U. D.
00671/2024	25/10/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. CLUB PATINAXE A. BRIÓN
00672/2024	25/10/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. CLUB DEPORTIVO BRIÓN
00673/2024	25/10/2024	BAIXA SAF MUNICIPAL EXPTE. 07/2024-M
00674/2024	25/10/2024	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN SERVIZOS CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE BEIRARRÚAS, PARQUES, ZONAS VERDES E ESPAZOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE BRIÓN
00675/2024	28/10/2024	SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA DO POS 2023 MELLORA DO VIARIO DENDE RÚA GONDAR
00676/2024	28/10/2024	SOLICITUDE SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PARA ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS 2025
00677/2024	28/10/2024	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PARA AXENTE DE IGUALDADE 2025
00678/2024	29/10/2024	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN ÚNICA CONSTRUCCIÓN DE NOVO

		PARQUE INFANTIL CUBERTO EN CAXUSA E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DE SABAXÁNS
00679/2024	29/10/2024	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. OUTUBRO 2024.
00680/2024	30/10/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO – 99500000033424
00681/2024	30/10/2024	SOLICITUDE E ACEPTACIÓN DE BASES DA SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PARA GASTOS DE PERSOAL TÉCNICO NOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE CULTURA EN 2025
00682/2024	30/10/2024	APROBACIÓN AUDITORÍA MUNICIPAL DAS REDES DE SANEAMENTO
00683/2024	31/10/2024	MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA POR XERACIÓN DE CRÉDITO. REDE CULTURAL 2024 DA DEPUTACIÓN
00684/2024	31/10/2024	INICIO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN LEGALIDADE URBANÍSTICA
00685/2024	31/10/2024	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - OUTUBRO 2024
00686/2024	31/10/2024	MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA POR TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 3/2024
00687/2024	04/11/2024	APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA
00688/2024	04/11/2024	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN REALIZACIÓN DE AUDITORÍAS MUNICIPAIS DAS REDES DE SANEAMENTO PARA A DETECCIÓN DE INFILTRACIÓNS. AU301D
00689/2024	04/11/2024	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DÍA 05/11/2024 ÁS 14:00 HORAS
00690/2024	04/11/2024	ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS
00691/2024	04/11/2024	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE OUTUBRO DE 2024
00692/2024	04/11/2024	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE OUTUBRO DE 2024
00693/2024	04/11/2024	PRÓRROGA CONTRATOS SUBMINISTRO DE CARBURANTES: LOTES 1 E 3: GASÓLEO A e GASÓLEO C
00694/2024	04/11/2024	PRÓRROGA CONTRATO SUBMINISTRO DE CARBURANTES: LOTE 2: GASOLINA 95 SEN CHUMBO.
00695/2024	04/11/2024	PRÓRROGA CONTRATO SUBMINISTRO DE CARBURANTES. LOTE 4: PELLETS DE MADEIRA.
00696/2024	04/11/2024	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) DO 07.11.2024, ÁS 13:00H.
00697/2024	04/11/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/59 CONTRATO
00698/2024	05/11/2024	LICENZA MUNICIPAL PARA A TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS
00699/2024	05/11/2024	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 194
00700/2024	05/11/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/60 CONTRATO
00701/2024	05/11/2024	DENEGACIÓN DA EXCEDENCIA VOLUNTARIA SOLICITADA POR UNHA EMPREGADA MUNICIPAL.
00702/2024	05/11/2024	CONVOCATORIA DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 08.11.2024, ÁS 13:00H.
00703/2024	05/11/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000033490
00704/2024	06/11/2024	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 195
00705/2024	06/11/2024	BAIXA RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000656750

00706/2024	06/11/2024	COMPOSICIÓN DO XURADO DO PREMIO LAUDAMUCO PARA TEXTOS TEATRAIS 2025
00707/2024	06/11/2024	RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 158
00708/2024	06/11/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLO SUBMINISTRO DUN EQUIPO DE RESPIRACIÓN AUTÓNOMA
00709/2024	06/11/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A TRAMITACIÓN E ADHESIÓN AO CONTRATO MARCO DE SUBMINISTRO DE ELECTRICIDADE
00710/2024	07/11/2024	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN ÚNICA DA OBRA SUBSTITUCIÓN DO TUBAXE DEFECTUOSO EN LAMIÑO
00711/2024	07/11/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLO SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO
00712/2024	07/11/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. EEI DOS ÁNXELES
00713/2024	08/11/2024	NON VÁLIDO !! ERRO NO DECRETO
00714/2024	08/11/2024	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN ESCOLA DE MÚSICA 2025
00715/2024	11/11/2024	PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL NOVEMBRO
00716/2024	11/11/2024	APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2024
00717/2024	11/11/2024	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA OUTUBRO
00718/2024	11/11/2024	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA OUTUBRO
00719/2024	11/11/2024	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS OUTUBRO 2024. MOD. IRPF 111, 115 E IVE 303.
00720/2024	11/11/2024	DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA
00721/2024	11/11/2024	DEVOLUCIÓN FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR
00722/2024	12/11/2024	DEVOLUCIÓN FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR
00723/2024	12/11/2024	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN MINIMIZAR PERDAS DE AUGA LAMIÑO
00724/2024	12/11/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. IES BRIÓN
00725/2024	12/11/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLO SERVIZO DE INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DECORATIVOS DE NADAL
00726/2024	12/11/2024	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE REFORMADO DA PAVIMENTACIÓN DE ACCESO A GOSENDE E OUTROS
00727/2024	12/11/2024	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR CONCILIA NADAL 2024
00728/2024	12/11/2024	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN ÚNICA DA OBRA MELLORA CAMIÑO ESPIÑEIRO A GOIÁNS
00729/2024	12/11/2024	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN ÚNICA OBRA MELLORA DE CAMIÑO DE OS MALLOS A ONS
00730/2024	12/11/2024	SOLICITUDE SUBVENCIÓN SOCORRISTA 2025 DEPUTACIÓN
00731/2024	12/11/2024	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN: MELLORA CAMIÑO DE ESPIÑEIRO A GOIÁNS.
00732/2024	12/11/2024	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN: MELLORA CAMIÑO DE OS MALLOS A ONS.
00733/2024	12/11/2024	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PEL 2025

00734/2024	12/11/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/62
00735/2024	12/11/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/61 CONTRATO
00736/2024	12/11/2024	PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE CONSERXERÍA DO PAVILLÓN DE DEPORTES DE PEDROUZOS
00737/2024	12/11/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000033559
00738/2024	13/11/2024	RECOÑECIMENTO DE PASE A SITUACIÓN DE XUBILACIÓN DUNHA EMPREGADA MUNICIPAL
00739/2024	13/11/2024	ALTA XANTAR NA CASA EXPTE. Nº62
00740/2024	13/11/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLO SUBMINISTRO DE EPIS (BOTAS) PARA O PERSOAL GES
00741/2024	18/11/2024	LIQUIDACIÓN DA TGSS RELATIVA Á COTIZACIÓN DO PERÍODO DE VACACIÓNS DUN EMPREGADO PÚBLICO
00742/2024	18/11/2024	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DIA 19/11/2024
00743/2024	18/11/2024	RESOLUCIÓN SANCIONADORA EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000033611
00744/2024	18/11/2024	SOLICITUDE SUBVENCIÓN PROMOCIÓN ECONÓMICA DEPUTACIÓN 2025
00745/2024	18/11/2024	LICENZA MUNICIPAL DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS
00746/2024	19/11/2024	INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE ORDE DE EXECUCIÓN POR INCUMPRIMENTO DE XESTIÓN DE BIOMASA
00747/2024	19/11/2024	DEVOLUCIÓN DE FIANZA
00748/2024	19/11/2024	DEVOLUCIÓN FIANZA
00749/2024	19/11/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/64 CONTRATO
00750/2024	19/11/2024	DEVOLUCIÓN FIANZA
00751/2024	19/11/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/65
00752/2024	19/11/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000033633
00753/2024	19/11/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO - 99500000033634
00754/2024	19/11/2024	DEVOLUCIÓN DE FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR
00755/2024	19/11/2024	APROBACIÓN 1ª PRÓRROGA CONTRATO ARRENDAMENTO NAVE-ALMACÉN PARA BRIGADA DE OBRAS E SERVIZOS
00756/2024	19/11/2024	APROBACIÓN EXPTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA MELLORAS NO NÚCLEO DE TOURÍS. POS + 2024
00757/2024	20/11/2024	APROBACIÓN BASES CONCURSO TARXETAS DE NADAL 2024
00758/2024	20/11/2024	CLASIFICACIÓN ADMITIDOS E REQUIRIMENTO DOCUMENTACIÓN: PISTA EN BRANS DE ABAIXO E OUTROS. POS + 2024
00759/2024	20/11/2024	CLASIFICACIÓN ADMITIDOS E REQUIRIMENTO DOCUMENTACIÓN: SENDA EN ALDEA CHAVE DE PONTE. POS+ ADICIONAL 2/2024, 1ª FASE
00760/2024	20/11/2024	CLASIFICACIÓN ADMITIDOS E REQUIRIMENTO DOCUMENTACIÓN: MELLORA VIARIO ALDEA DE LAMIÑO POS+ ADICIONAL 2/2024, 1ª FASE
00761/2024	20/11/2024	CLASIFICACIÓN ADMITIDOS E REQUIRIMENTO DOCUMENTACIÓN: SENDA ALDEA CANTALARRANA A ALDEA O CABO. POS + ADICIONAL 2/2024, 1ª FASE

00762/2024	21/11/2024	ADXUDICACIÓN CONTRATO DE SERVICIOS: MANTENIMENTO ELÉCTRICO INTEGRAL
00763/2024	21/11/2024	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) DO 26.11.2024, ÁS 13:00H
00764/2024	21/11/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/63 (+3.000)
00765/2024	22/11/2024	CONVOCATORIA DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 27.11.2024, ÁS 13:00H
00766/2024	25/11/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. CLUB BALONCESTO BRIÓN
00767/2024	25/11/2024	DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA
00768/2024	26/11/2024	DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA
00769/2024	26/11/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. C P TORRES DE ALTAMIRA
00770/2024	27/11/2024	BAIXA XANTAR NA CASA EXPTE. 62
00771/2024	27/11/2024	BAIXA SAF DEPENDENCIA_EXPTE. 15/2022
00772/2024	27/11/2024	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 11/2024-D
00773/2024	27/11/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO - 99500000033694
00774/2024	27/11/2024	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA DE PRODUTIVIDADE DOS FUNCIONARIOS 2023
00775/2024	27/11/2024	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 196
00776/2024	28/11/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE CONSERVACIÓN E MANTENIMENTO DE BEIRARRÚAS, PARQUES, ZONAS VERDES E ESPAZOS PÚBLICOS
00777/2024	29/11/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. BANDA DE MÚSICA DE BRIÓN
00778/2024	29/11/2024	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE NOVIEMBRE DE 2024
00779/2024	29/11/2024	BAIXAS NO PADRÓN DE HABITANTES MES DE NOVIEMBRE DE 2024
00780/2024	29/11/2024	CANON CONTRATO CONCESIÓN SERVICIOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - NOVIEMBRE 2024
00781/2024	29/11/2024	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. NOVIEMBRE 2024
00782/2024	29/11/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO SENDA ALDEA CANTALARRANA A ALDEA O CABO. POS + ADICIONAL 2/2024, 1ª FASE
00783/2024	29/11/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA. CONVENIO GES 2024. MEDIO RURAL. GASTOS DE PERSOAL
00784/2024	29/11/2024	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL LABORAL 2023
00785/2024	29/11/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. EEI SABAXÁNS
00786/2024	02/12/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/68
00787/2024	02/12/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/69 CONTRATO
00788/2024	02/12/2024	PADRÓN ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN E INSERCIÓN 1º TRIMESTRE CURSO 2024/2025
00789/2024	02/12/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO - 99500000033751
00790/2024	02/12/2024	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DÍA 03/12/2024 ÁS 14: HORAS
00791/2024	02/12/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO SENDA EN ALDEA CHAVE DE

		PONTE. POS+ ADICIONAL 2/2024, 1ª FASE
00792/2024	02/12/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PISTA EN BRANS DE ABAIXO E OUTROS. POS + 2024
00793/2024	02/12/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MELLORA VIARIO ALDEA DE LAMIÑO. POS + ADICIONAL 2/2024 , 1ª FASE
00794/2024	03/12/2024	PADRÓN ESCOLA DE MÚSICA 1º TRIMESTRE CURSO 2024/2025
00795/2024	03/12/2024	APROBACIÓN LISTA PARTICIPANTES CONCILIA NADAL 2024-25
00796/2024	04/12/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO - 99500000033772
00797/2024	04/12/2024	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 197
00798/2024	04/12/2024	AUTOLIQUIDACIÓN TAXAS
00799/2024	04/12/2024	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DE ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN EMC 18/2024
00800/2024	05/12/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA. CONVENIO GES 2024. DXAL. GASTOS DE FUNCIONAMENTO
00801/2024	05/12/2024	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS NOVEMBRO 2024. MOD. IRPF 111, 115 E IVE 303
00802/2024	05/12/2024	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO MODIFICACIÓN TAXA AUGA
00803/2024	05/12/2024	APROBACIÓN DO PAGAMENTO DAS AXUDAS PARA ESCOLARIZACIÓN 2024-2025
00804/2024	05/12/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/67 (+3.000)
00805/2024	10/12/2024	CANCELACIÓN GARANTÍAS AVAL GLOBAL 9340.03.2509855-91
00806/2024	10/12/2024	CANCELACIÓN AVAL GLOBAL NÚMERO 0049-1600-41-2110110292
00807/2024	10/12/2024	PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DECEMBRO
00808/2024	10/12/2024	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA NOVEMBRO
00809/2024	10/12/2024	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA NOVEMBRO
00810/2024	11/12/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/74 CONTRATO
00811/2024	11/12/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/76 (+3.000)
00812/2024	11/12/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024-75
00813/2024	11/12/2024	COMPRA DE FINCAS Á SAREB
00814/2024	11/12/2024	APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN POR ASISTENCIAS A TRIBUNAIS NO PROCESO SELECTIVO (BOLSA GES)
00815/2024	11/12/2024	APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN POR ASISTENCIAS A TRIBUNAIS NO PROCESO SELECTIVO: PEÓN DE OBRAS
00816/2024	12/12/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLO SUBMINISTRO DUNHA APLICACIÓN WEB PARA A POLICÍA LOCAL
00817/2024	12/12/2024	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE SERVIZOS DO 17.12.2024, ÁS 13:00H.
00818/2024	13/12/2024	CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DO 18.12.2024 ÁS 13:00 HORAS

O Pleno toma coñecemento.

**3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE CONCESIÓN DE SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE.**



Dada conta da proposta da alcaldía do 09.12.2024 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 17.12.2024, que transcrita di:

Antecedentes:

Por providencia desta alcaldía do 29.11.2024, acordouse:

1. Resultando que por decreto desta alcaldía do 09.11.2022 contratouse á empresa Into Consulting S.L. o servizo de: servizo de asistencia técnica integral para a confección de toda a documentación técnica e económica necesaria, que haberá de servir de base á licitación da xestión do ciclo integral da auga (concesión do servizo de xestión de auga potable), así como asistencia á mesa de contratación durante todo o proceso.
2. Resultando que o contrato de abastecemento de auga potable do Concello se atopa na actualidade rematado, téndose acordado polo Pleno en sesión do 09.08.2023 a continuidade da prestación dos servizos derivados do contrato de xestión do servizo público domiciliario de auga potable a Brión, por parte da empresa Espina & Delfín S.L., nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato inicial, polo tempo imprescindible para a realización da adjudicación dun novo contrato ou, no seu caso, establecemento dunha nova forma de xestión do servizo público.
3. Resultando que con data 18.10.2023 publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o anuncio de información pública da proposta de estrutura de custos da actividade obxecto do contrato de concesión do servizo público de abastecemento de auga potable no Concello, polo cal expónse ao público por un prazo de 20 días hábiles contado a partir do día seguinte ao da inserción do anuncio no BOP, co obxecto de que os interesados poidan presentar alegacións, conforme ao disposto no artigo 9.7.c) do Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española.
4. Resultando que con data 06.11.2023, dentro do prazo establecido no procedemento, Viaqua, Gestión Integral de Augas de Galicia S.A.U., presenta alegación en trámite de información pública.
5. Resultando que a alegación foi remitida á empresa consultora contratada Into Consulting S.L. para o seu informe.
6. Resultando que con data 01.12.2023 (r.e. núm. 202399900001719) esta empresa presenta a seguinte documentación modificada: Anteproxecto, estudo de viabilidade, fórmula de revisión de prezos e estrutura de custos.
7. Resultando que o Pleno do Concello en sesión de data 20.12.2023 acordou estimar a alegación interposta por Viaqua, Gestión Integral de Augas de Galicia S.A.U. contra a proposta de estrutura de custos da actividade obxecto do contrato de concesión do servizo público de abastecemento de auga potable no Concello, e proceder a non introducir ningún dos tres mecanismos que incentiven o comportamento eficiente que figuran no artigo 7.8 do Real Decreto 55/2017, nin na estrutura de custos nin na fórmula de revisión de prezos, aprobando a estrutura de custos e a fórmula de revisión de prezos coa devandita modificación que consta no expediente e sometela a exposición pública durante 20 días, e enviar ao órgano autonómico consultivo en materia de contratación pública, que neste caso é a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, a estrutura de custos e a fórmula de revisión de prezos unha vez rematado o período de exposición pública.

**8.** Rematado o prazo de exposición pública realizado mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de 20 días hábiles contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 2, do 2 de xaneiro de 2024, prazo comprendido do 3 de xaneiro ao 30 de xaneiro de 2024, ámbolos dous inclusive, non se presentou ningunha alegación.

**9.** Resultando que con data 28.02.2024 se remite ao Concello o informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.

**10.** Remitido pola consultora contratada polo Concello Into Consulting S.L., con data 22.03.2024, a seguinte documentación:

Anexo I. Descrición das infraestruturas.

Anexo II. Consumos eléctricos.

Anexo III. Tarifa aluguer contador.

Anexo IV. Información esixida polo artigo 130 da Lei de contratos do sector público.

Anexo V. Fórmula de revisión de prezos.

Anexo VI. Consumos municipais.

Anexo VII. Estudo de viabilidade económico financeiro.

Anexo VIII. Anteproxecto de actuacións.

Anexo IX. Convenio con Ames.

**11.** Resultando que o Pleno do Concello en sesión do 17.04.2024, adoptou o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o estudo de viabilidade económico-financieira e o anteproxecto das obras, como actuacións preparatorias do contrato de concesión do servizo público de abastecemento de auga potable no Concello, que constan no expediente confeccionados por Into Consulting S.L.

2º) Someter ao trámite de información pública o estudo de viabilidade económico-financieira e o anteproxecto das obras, polo prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, debendo publicarse igualmente no taboleiro de edictos do Concello, ao abeiro do disposto nos artigos 297 e 247 e 248 da LCSP. No caso de non se presentar ningunha alegación este acordo elevarse automaticamente a definitivo.

**12.** Resultando que durante o trámite de información pública dun mes non se presentou ningunha alegación, segundo certificación de secretaría que consta no expediente, por resolución da alcaldía do 31.05.2024 declarouse elevado a definitivo o acordo do Pleno do 17.04.2024, de aprobación do estudo de viabilidade económico - financieira e o anteproxecto das obras, como actuacións preparatorias do contrato de concesión do servizo público de abastecemento de auga potable no Concello.

**13.** Resultando que nos atopamos ante un contrato de concesión de servizos segundo os cálculos económicos da licitación realizados, segundo o estudo de viabilidade económico - financieira que consta no expediente, no que se describen os ingresos e gastos previstos que permiten transferir o risco económico da explotación ao contratista.

**14.** Resultando que é necesario tramitar expediente para realizar unha nova contratación, ao ser unha competencia municipal segundo o disposto nos artigos 25.2.c) e 26.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ao abeiro das competencias desta alcaldía, dispoño:

1º) Iniciar o expediente para a licitación do contrato de: Concesión do servizo público de abastecemento de auga potable no Concello, por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, polo prazo de vintecinco anos.

2º) Que se incorporen ao expediente os seguintes documentos:

1. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Prego de prescricións técnicas (PPT), cos seguintes anexos:
  - . Anexo I. Descrición das infraestruturas.
  - . Anexo II. Consumos eléctricos.
  - . Anexo III. Tarifa aluguer contador.
  - . Anexo IV. Información esixida polo artigo 130 da Lei de contratos do sector público.
  - . Anexo V. Fórmula de revisión de prezos.
  - . Anexo VI. Consumos municipais.
  - . Anexo VII. Estudo de viabilidade económico financeiro.
  - . Anexo VIII. Anteproxecto de actuacións.
  - . Anexo IX. Convenio con Ames.
3. Informe xurídico de secretaría.
4. Informe de fiscalización de intervención.

Fundamentos de dereito.

1.- A aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares é competencia do órgano de contratación (art. 117 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP).

2.- Consonte co disposto nos artigos 131,146.2 e 156 e ss. da LCSP a forma de adxudicación deste contrato será por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación.

3.- O artigo 117 da LCSP regula a aprobación do expediente de contratación.

4.- O órgano de contratación é o Pleno do Concello segundo o disposto na Disposición Adicional Segunda da LCSP e artigos 22.4 e 47.2.j. da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Visto o expediente tramitado con todos os documentos que o integran, e os informes preceptivos de secretaría e de intervención, propoño ao Pleno previo ditame da Comisión Informativa de Servizos, a adopción do seguinte **acordo**:

**1º)** Aprobar o expediente de contratación de concesión de servizos do servizo público de abastecemento de auga potable, polo prazo de 25 anos, sen lotes, cun valor estimado de: 13.414.698,90 euros, sen IVE, e cun prezo de: 14.756.168,79 euros, IVE incluído, e iniciar a licitación por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, mediante publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante do Concello que se aloxa na Plataforma de Contratación do Sector Público.

**2º)** Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares, e de prescricións técnicas cos anexos, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, previsto no art. 156 da LCSP, que han rexer o contrato e que constan no expediente.

**3º)** Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante para os efectos da presentación de ofertas polos licitadores.

**4º)** Facultar expresamente a esta alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (2) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

#### **4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DE MELLORA DA E.E. MEDIANTE TECNOLOXÍA LED NO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 11.12.2024 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 17.12.2024, que transcrita di:

Antecedentes.

**1º)** O Pleno do Concello en sesión do 20 de outubro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

Dada conta da proposición da Alcaldía do 20.10.2023, que transcrita di:

Vista a convocatoria de axudas do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), publicada no BOE de data 26 de xullo de 2023, reguladas pola Orde TED/388/2023, do 29 de marzo, pola que se aproban as bases reguladoras do programa de axudas para proxectos singulares de renovación das instalacións do alumeado exterior municipal, Proxectos Singulares Alumeado Municipal, publicada no BOE do 21 de abril de 2023, que consisten en préstamo reembolsable sen intereses dirixido a financiar a execución de proxectos singulares de renovación de instalacións de alumeado exterior municipal (proxectos singulares de alumeado municipal), sendo o prazo máximo de vixencia do préstamo 10 anos (que inclúe os primeiros 12 meses de carencia, polo que o prazo de amortización máximo será de 9 anos), considerando necesario dado o estado deficiente no que se atopa o alumeado municipal presentarse á convocatoria, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar a participación na convocatoria correspondente ao programa de axudas

para proxectos singulares de renovación das instalacións do alumeadado exterior municipal e a aceptación das súas bases reguladoras (Orde TED 388/2023, do 29 de marzo, pola que se aproban as bases reguladoras do programa de axudas para proxectos singulares de renovación das instalacións do alumeadado exterior municipal, Proxectos Singulares Alumeadado Municipal.)

SEGUNDO: Aprobar a concertación da operación de préstamo reembolsable sen intereses, polo importe de: 2.770.900,00 € (Dous millóns setecentos setenta mil novecentos euros), de acordo coa resolución de concesión da axuda correspondente.

TERCEIRO: Considerar ao Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética como acredor preferente, por razón de dita operación de préstamo, polo que os pagos correspondentes á amortización do principal do mesmo, intereses de demora, ou eventuais penalizacións gozarán de lugar preferente na orde de prelación de pagos, tras os gastos de persoal, no plan de disposición de fondos de tesourería do Concello, durante o período de vixencia do correspondente contrato de préstamo.

CUARTO: Aprobar a "Memoria descritiva (Adenda) ao proxecto de mellora da E.E mediante tecnoloxía LED no alumeadado público exterior do Concello de Brión" redactada por José Luís González Sánchez, enxeñeiro técnico de minas, na data 19 de outubro de 2023, que se incorpora ao expediente.

QUINTO: Notificar ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) o presente acordo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

SEXTO: Facultar a alcaldía para os trámites sucesivos e necesarios para a execución deste acordo e do correspondente expediente.

**2º)** Logo da tramitación do expediente de solicitude de subvención, por Resolución de 14.06.2024, da Secretaria de Estado de Enerxía e Presidenta de E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M.P., pola que se aproba a concesión de axudas correspondentes á "Primeira Convocatoria do Programa de axuda para proxectos singulares para a renovación de instalacións de iluminación exterior municipal", con cargo ao Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética, cuxas bases reguladoras foron establecidas mediante a "Orde TED/388/2023, do 29 de Marzo do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico" (B.O.E. núm. 95, do 21 de Abril), concédese definitivamente a seguinte axuda:

Expediente: FN-PSAM-2023-094.

Entidade beneficiaria: AYUNTAMIENTO DE BRIÓN.

Título do proxecto: MEMORIA DESCRIPTIVA (ADENDA) AL PROYECTO DE MEJORA DE LA E.E. MEDIANTE TECNOLOGÍA LED.

Préstamo elegible: 2.770.900,00 euros.

A axuda se concede nos seguintes termos:

"" Séptimo. Condiciones y términos de la concesión de la ayuda.

Tal y como se establece en el artículo 16.4 de las bases reguladoras, la Resolución de concesión de ayuda se efectuará, en todo caso, sujeta expresamente a condición resolutive explicita cuya verificación será determinada mediante acuerdo del órgano instructor, que será notificado a la entidad beneficiaria correspondiente, si no se cumple, por cada una de las entidades públicas beneficiarias, lo siguiente:

1. En un plazo máximo de tres (3) meses desde la notificación de la resolución de concesión, la entidad beneficiaria debe acreditar haber iniciado la tramitación del procedimiento de contratación de los suministros, obras y servicios necesarios para la ejecución de las actuaciones, mediante la aportación, a través de la aplicación informática establecida en la web del IDAE, de copia del anuncio o anuncios publicados en el Diario Oficial o, la Plataforma de Contratación del Estado, o en su caso, Perfil del Contratante correspondiente, pudiendo quedar condicionada la licitación correspondiente, de acuerdo con lo previsto en la disposición adicional tercera de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, en caso de no contar con la autorización previa a que se refiere la letra f) del artículo 12.4 de esta orden, a la efectiva consolidación de los recursos que han de financiar el contrato correspondiente.

2. En un plazo máximo de un (1) año desde la notificación de la resolución de concesión de la ayuda, la entidad beneficiaria debe acreditar haber formalizado la contratación de la ejecución de las actuaciones objeto de ayuda, mediante la aportación, a través de la aplicación informática establecida en la web del IDAE, de la documentación que se especifica en el punto 2º del citado apartado 4º del artículo 16. Según lo previsto en el punto 5 de la misma base, la financiación resultante de la que dispondrán las entidades beneficiarias será la que resulte de los costes e inversiones elegibles incluidos en el presupuesto final y definitivo de la actuación que haya aportado, conforme a lo establecido en el apartado anterior. Tal y como se recoge en el punto 6 de la misma base, en este contexto, por acuerdo del órgano instructor se determinará, en su caso, el importe final del préstamo a formalizar. El mismo no podrá superar, en ningún caso, el importe de la ayuda otorgada mediante la correspondiente resolución de concesión a la que se refiere el anterior apartado 3.b).

En caso de no haberse aportado la autorización previa a que hace referencia la letra f) del artículo 12.4 de esta orden durante la tramitación del procedimiento de concesión o, en última instancia, dentro del plazo previsto por el ordinal 2.º del apartado 4 del presente artículo, el órgano instructor, previa la tramitación correspondiente establecida por el artículo 42 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, por remisión expresa del artículo 89.2 de su reglamento de desarrollo, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de julio, procederá a formular la correspondiente propuesta de resolución al órgano concedente por la que se acredite el cumplimiento de la condición resolutoria explícita de la correspondiente resolución de concesión de ayuda así como se declare la pérdida del derecho al cobro total de la ayuda otorgada por incumplimiento del compromiso asumido por el beneficiario al respecto de dicha aportación, previa audiencia del mismo por término improrrogable de diez días hábiles.

El plazo máximo para resolver y notificar al interesado la resolución del procedimiento anterior de pérdida del derecho al cobro total de la ayuda otorgada, que pondrá fin a la vía administrativa, y seguirá el mismo de recursos frente a la misma que la resolución de concesión, será de doce meses desde la fecha del acuerdo de iniciación correspondiente, de acuerdo con lo previsto en el citado artículo 42 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre. Contra la citada resolución podrá seguirse las mismas vías de recursos que contra la resolución de concesión.

Asimismo, en el punto 7 del citado artículo 16 de las bases reguladoras se establece que los préstamos reembolsables, en la cuantía finalmente resultante en función del presupuesto definitivo y la resolución de concesión correspondiente, deberán materializarse en escritura pública en el plazo máximo de sesenta (60) días hábiles desde el día siguiente a la fecha de notificación del acuerdo del órgano instructor correspondiente.

Este plazo máximo será de noventa (90) días hábiles, en el caso de formalizarse el préstamo en escritura pública en la modalidad de prestación del consentimiento entre ausentes. En este

último caso, deberá respetarse el procedimiento que se establecerá mediante resolución de la persona titular de la Dirección General del IDAE, y será publicado en la sede electrónica o aplicación informática correspondiente, tal y como se dispone en el punto 8 de la reiterada base.

La cuantía de dicho préstamo será abonada a la entidad beneficiaria en el plazo que se determine en el correspondiente contrato, estableciéndose expresamente como causas de reintegro o vencimiento anticipado los supuestos de incumplimiento establecidos en esta orden, con los efectos establecidos al respecto.

La falta de formalización del préstamo conforme a los plazos y procedimiento establecido supondrá la renuncia tácita de la entidad beneficiaria a la ayuda otorgada, dictándose y notificándose, a tal efecto, la correspondiente resolución de la persona titular de la presidencia del IDAE, tal y como se dispone en el punto 9 de la misma base regulatoria.

Octavo. Ejecución de las actuaciones.

Tal y como se establece en el artículo 17 de las bases del programa, el plazo máximo para la ejecución de las actuaciones acogidas al programa será de doce (12) meses desde la fecha de formalización de la escritura pública de contrato de préstamo reembolsable por el que se instrumente la ayuda otorgada.

Noveno. Justificación de la realización de la actuación.

La justificación por parte de las entidades beneficiarias de la realización de las actuaciones deberá realizarse ante el órgano instructor en el plazo máximo de dos (2) meses contados a partir de la fecha en que expire el plazo otorgado para la ejecución de la actuación. La justificación se realizará mediante escrito dirigido al órgano instructor, tal y como se establece en el artículo 18.1 de las bases reguladoras, junto al que se aportará, con carácter general, la documentación con lo especificado para la misma que se señala en el mismo precepto regulatorio.

Del mismo modo, el órgano instructor podrá elaborar instrucciones de acreditación y justificación complementarias para los casos en los que la complejidad de la actuación o el importe elevado así lo requiera, tal y como prevé el punto 2 de la misma base.

La no justificación en plazo por parte de los beneficiarios de la ayuda, de acuerdo con lo establecido en el artículo 18.3 de las Bases Reguladoras, supondrá la exigencia del reintegro y/o vencimiento anticipado del préstamo correspondiente.

De igual forma, será también causa de reintegro y/o vencimiento anticipado del préstamo correspondiente la no presentación en plazo de la copia del certificado de la instalación finalizada, registrado en el órgano competente de la comunidad autónoma correspondiente, de acuerdo con lo previsto en el apartado 6 del anexo I de esta orden, tal y como se establece en el punto 4 de la citada base.

El Órgano Instructor podrá requerir al beneficiario la aportación de cualquier documentación justificativa adicional a la expuesta para verificar la efectiva adecuación de la actuación ejecutada a la que fue objeto de ayuda, quedando el beneficiario obligado a su entrega en un plazo máximo de (15) quince días hábiles desde la notificación del requerimiento correspondiente, según se establece en el punto 5 del artículo 18 de las presentes bases reguladoras.

El Órgano Instructor podrá designar tanto al personal del IDAE que estime oportuno como utilizar los servicios de empresas independientes especializadas para realizar la valoración de las solicitudes, la inspección y el seguimiento, control y verificación de las actuaciones objeto de ayuda, no sólo en la fase final de comprobación, sino también en momentos intermedios donde se puedan comprobar los fines sobre los cuales se conceden las ayudas; según se establece en el punto 6 del artículo 18 de las bases.

El IDAE podrá solicitar en cualquier momento durante un plazo máximo de cinco (5) años a contar desde la fecha de finalización del plazo para la ejecución de la actuación correspondiente la exhibición de cualquiera de los documentos originales que hayan servido para el otorgamiento de la ayuda, o para justificar la realización de la actuación (incluyendo facturas y justificantes de pago de las mismas). Procederá, en su caso, el reintegro y/o vencimiento anticipado del préstamo por parte de la entidad beneficiaria si ésta no facilitase la exhibición de tales originales en un plazo de (1) mes a contar desde el día siguiente al que el IDAE le hubiera requerido en tal sentido, considerándose tal circunstancia como un incumplimiento de la obligación de justificación del destino de la ayuda otorgada; según se establece en el punto 7 del artículo 18 de las bases.

#### Décimo. Reintegro.

Tal y como se establece en el artículo 20 de las bases regulatorias, el incumplimiento de cualquiera de las condiciones impuestas con motivo de la concesión de las ayudas del programa de ayudas objeto de esta orden y de las obligaciones y requisitos establecidos por estas bases, la convocatoria y resolución de concesión correspondiente, así como la concurrencia de cualquiera de los supuestos establecidos en el artículo 37 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, serán causas suficientes para determinar el reintegro de la ayuda conforme al procedimiento establecido en dicha ley.

El reintegro de la ayuda conllevará, en todo caso, el vencimiento anticipado del préstamo formalizado, que tendrá las consecuencias previstas por el mismo, sin perjuicio de la aplicación del procedimiento y consecuencias del reintegro previstas por la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, y su Reglamento de desarrollo, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de julio.

También será de aplicación lo previsto en el título IV de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, si concurren los supuestos de infracciones administrativas en materia de subvenciones y ayudas públicas. Las infracciones podrán ser calificadas como leves, graves o muy graves, de acuerdo con los artículos 56, 57 y 58 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre. La potestad sancionadora por incumplimientos se establece en el artículo 66 de la misma.

El cumplimiento parcial de las condiciones establecidas o la realización en plazo de sólo una parte de la actuación comprometida, siempre que se acredite el cumplimiento de los requisitos técnicos del apartado 4 del anexo I, dará lugar al ajuste y exigencia de reintegro parcial de la ayuda otorgada de no proceder el reintegro total de la ayuda por incumplimiento de otras obligaciones o requisitos establecidos en las bases, lo que conllevará la obligación de amortización proporcional del préstamo que correspondiera, en su caso.

En todo caso, el no cumplimiento de los requisitos del apartado 4 del anexo I dará lugar a la exigencia del reintegro total de la ayuda otorgada, así como el vencimiento anticipado del préstamo. Procederá, asimismo, la exigencia del reintegro total de la ayuda y vencimiento anticipado del préstamo en caso de que se produzca informe desfavorable de fiscalización de cualquiera de las administraciones facultadas para realizarlo en virtud de las presentes bases



(Intervención General de la Administración del Estado, Tribunal de Cuentas, entre otros) y que concluya con la necesidad de devolución de la ayuda concedida, basado en cualquier incumplimiento de la normativa de aplicación.

El incumplimiento de la obligación de solicitar tres ofertas, en caso de que la entidad beneficiaria contrate colaboraciones externas por importe inferior al contrato menor, dará lugar al ajuste correspondiente, así como a la exigencia del reintegro parcial de la ayuda otorgada en un importe equivalente al gasto subvencionable correspondiente a dicha colaboración externa contratada, conllevando esta circunstancia la correlativa obligación de amortización parcial del préstamo.

Décimo primero. Publicidad.

Tal y como se establece en el artículo 21 de las bases regulatorias, toda referencia en cualquier medio de difusión a la actuación objeto de las ayudas deberá cumplir con los requisitos que figuren en el Manual de Imagen del Programa que estará disponible en la web del IDAE.

Asimismo, se deberá instalar y mantener un cartel en un lugar visible para el público general, de tamaño suficiente para que sea perfectamente visible y legible en el que conste claramente el título del proyecto y la denominación e imagen del Programa, y que mencione, en su caso, la ayuda económica otorgada por el Fondo Nacional de Eficiencia Energética, cuyo cartel deberá estar instalado hasta finales de 2027, todo ello tal como establece el artículo 18.4 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre. El diseño gráfico del cartel y soportes de difusión que se realicen cumplirán con los requisitos que establezca el IDAE y que estarán disponibles en el Manual de Imagen de Programa en la dirección de Internet del IDAE ([www.idae.es](http://www.idae.es))."

**3º)** Por resolución da alcaldía do 13.09.2024 adxudicouse o contrato menor de servizos de: elaboración do proxecto de execución de mellora da E.E. mediante tecnoloxía led, á empresa RG GESTIÓN Y ENERGÍA S.L.U., con CIF: B27441401, polo prezo de: 16.938,79 euros (IVE incluído), e un prazo de execución de 1,5 meses.

**4º)** Con data 05.11.2024 (r.e. núm. 202499900001749) ten entrada no Concello a seguinte documentación presentada pola empresa sinalada: Proxecto de execución de mellora da E.E. mediante tecnoloxía led no alumado público exterior, de data outubro de 2024, asinado polo enxeñeiro técnico de minas e enerxía, colexiado 3.059, José Luis González Sánchez, cun orzamento total de contrata de: 2.770.899,96 euros, IVE incluído.

**5º)** Consta no expediente a acta de reformulo da obra asinada polo técnico autor do proxecto con data 10.12.2024, e o informe técnico asinado pola arquitecta municipal con data 11.12.2024 consonte co disposto no art. 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

**6º)** O proxecto ten o seguinte alcance:

Centros de Mando:

- Número de Centros de Mando a Renovar: 118 centros de mando existentes serán actualizados e adaptados para o control das novas luminarias LED.
- Renovación de Cadros de Protección: Se actualizarán os cadros de protección eléctrica nos centros de mando para garantir a seguridade e o correcto funcionamento do sistema.

Inventario e Substitución de Luminarias:

- Número Total de Luminarias a Substituír: 3190 luminarias de vapor de sodio/mercurio serán substituídas por luminarias LED de alta eficiencia.
- Tipos de Luminarias: Se instalarán luminarias LED con clasificación IP66 e IK08, e cunha eficiencia luminosa mínima de 120 lm/W.

#### Sistema de Control e Telexestión:

- Instalación de Reloxos Astronómicos: Todos os centros de mando serán equipados con reloxos astronómicos para optimizar o horario de encendido e apagado das luminarias.
- Sistema de Telexestión: Implementación dun sistema de telexestión para o monitoreo e control remoto do alumeadado público, permitindo a xestión eficiente da iluminación e o diagnóstico de fallos en tempo real.

#### Infraestrutura Eléctrica:

- Adecuación de cableado: Se renovará cableado trenzado e subterráneo nos casos necesarios por esixencias de normativa: roturas, derivacións, fallos de illamento, cumprimentos de sección, etc.
- Adecuación de Tomas de Terra: Se realizarán as adecuacións necesarias nas tomas de terra para cumprir coas normativas vixentes.

Resultando que o 18 de xuño de 2025 remata o prazo para ter formalizado a contratación da execución das actuacións obxecto de axuda mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que se especifica no punto 2º do apartado 4º do artigo 16, e co fin de poder iniciar a tramitación do expediente de contratación resulta preciso aprobar o proxecto, polo que propoño ao Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

**1º)** Aprobar o proxecto das obras de: Proxecto de execución de mellora da E.E. mediante tecnoloxía led no alumeadado público exterior, de data outubro de 2024, asinado polo enxeñeiro técnico de minas e enerxía, colexiado 3.059, José Luis González Sánchez, cun orzamento total de contrata de: 2.770.899,96 euros, IVE incluído.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (2) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

#### **5º) DACIÓN DE CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO PARA 2024 ELABORADO POR INTERVENCIÓN.**

Dada conta do Plan Anual de Control Financeiro para 2024 elaborado por intervención ao abeiro do disposto no artigo 31 do Real Decreto 242/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, a realizar ao longo do exercicio 2025, asinado con data 12.12.2024, o Pleno toma coñecemento.

#### **6º) MOCIÓNS.**

Non se presentou ningunha.

## **7º) ROGOS E PREGUNTAS.**

### **7.1. ROGOS E PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG:**

#### **1. Sobre o último modificativo de crédito.**

Xa pasaron máis de dúas semanas do pleno extraordinario no que trouxemos as máis de 100 partidas correspondentes a ese modificativo e que estaban pendentes de xustificación. Dado que anteriormente a ese pleno se nos comentou que en 5 días teríamos máis información aproveitamos o presente pleno ordinario para solicitar de xeito formal a información correspondente a todo o expediente, a situación actual, o detalle completo das mesmas e a programación de pagos ou facturación correspondente.

O Sr. Concelleiro Penas Corral da lectura sinalando que é un rogo, e se trata de que cando poidades nos facilitedes esa documentación.

A Srª. Concelleira Cebal Gómez responde que sobre este rogo dicirlles que aínda está en exposición pública, estanse recompilando as facturas e están pendentes de conformidade. En canto o teñamos listo, lles citaremos, tal e como nos comprometemos.

#### **2. Sobre o estudio xeolóxico para Cornanda.**

O Correo Galego, con data 26 outubro do 2023: “El regidor Pablo Lago se comprometió a poner en marcha un estudio geológico de cara a verificar si existe la citada grieta”.

Sabemos das promesas non cumpridas por parte deste goberno municipal e sabemos que os tempos de traballo tamén corresponden a realidades cuánticas, pero hoxe un ano despois non sabemos nada do estudio en cuestión, e o que é peor, os veciños tampouco saben nada desa promesa. Cando pensan cumprir esta encomenda de traballo?

A Srª. Concelleira Cebal Gómez responde que en primeiro lugar, quero deixar claro, unha vez máis, o noso compromiso cos veciños e veciñas de Cornanda; está vostede referíndose á reunión da Comisión de Seguimento contra a concesión da central hidráulica reversible do Tambre celebrada o 25 de outubro no Local Social de Cornanda, e si, nesa reunión un dos presentes apuntou a posible existencia dunha falla na zona, o que pasa é que o Alcalde non comprometeu estudo xeolóxico ningún, o Alcalde comprometeuse a que o Concello solicitaría orzamentos para estudar a posibilidade de realizar un estudo xeolóxico na zona, que non é o mesmo; pero ademais, o Alcalde xa se ten referido a esta mesma cuestión neste plenario.

En primeiro lugar, todo depende de que o proxecto saia ou non saia adiante, como ben saben, nestes momentos está todo paralizado.

En segundo lugar, depende tamén da autorización da intervención municipal a ese gasto, e xa lle podo anunciar que a anterior interventora non vía posible realizar ese gasto con financiamento público.

De tódolos xeitos, a nosa postura segue sendo a mesma que o primeiro día: estamos ao carón dos veciños e veciñas de Cornanda.

#### **3. Sobre a situación da Mancomunidade “Serra do Barbanza”.**

Falamos deste mesmo tema no pleno ordinario do mes de outubro e por parte do grupo de goberno díxose que estaban a punto de recibir a auditoría sobre a situación da

Mancomunidade e que con este informe na man se convocaría a Asemblea de xeito inmediato. Dous meses máis tarde seguimos sen información ningunha ao respecto e preguntamos:

- Dispón o Alcalde de Brión (como Presidente da Mancomunidade) do resultado da auditoría encargada?
- Cando podemos os grupos municipais (que tamén somos membros da Asemblea da Mancomunidade e representantes da cidadanía) ter acceso a esta información ?
- Para cando se prevé a convocatoria da Asemblea Xeral da Mancomunidade?
- Que se está facendo actualmente co lixo que recolle a Mancomunidade? Que porcentaxe aproximada se está reciclando e canto se está levando ao vertedoiro e a onde se está levando?
- Que se propón desde a Presidencia da Mancomunidade que se faga co lixo para o ano 2025?

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebral Gómez responde que esta é unha cuestión que haberá que resolver no seno da Mancomunidade, e unha vez resolto, darase conta na Asemblea; nesa Asemblea, terán vostedes toda a información á total disposición.

Sobre o que pregunta: si, temos xa os resultados da auditoría encargada e como poderán comprender, as primeiras persoas que deben ser informadas son os alcaldes e alcaldesas que forman parte da Mancomunidade, e despois, como dixemos, se realizará a Asemblea, para dar conta a todos os integrantes, como vós, e resolver calquera cuestión; por min, esta Asemblea xa estaría celebrada, agardo que sexa canto antes.

O Sr. Alcalde sinala que a semana que ven vaise celebrar unha Xunta da Mancomunidade e en función do que acordemos os alcaldes se celebrará a Asemblea; e que eu como Presidente da Mancomunidade neste momento teño que pagar 1.000 euros cada mes, por unha sentenza firme do ano 2010 de incremento de custos coa que non se fixo nada; agora ten que aprobarse entre os membros da Mancomunidade o plan de pagos e presentalo no xulgado; son multas persoais e teño que dicir que creo que non é xusto, pero tocoume a min agora; a débeda que hai que pagar é de 20.000.000 de euros.

Engade que agora estase levando a Atia, que é unha empresa privada, que en calquera momento pode modificar o prezo, e finalmente sinalar que a separativa está funcionando, o único é que non hai vertedoiro.

#### **4. Sobre a carballeira de Santa Minia.**

O grupo municipal do BNG apoiou e apoia as medidas que, por desgraza e segundo o entender dos técnicos, resultan inevitables para que no futuro se poida desfrutar dunha carballeira semellante á que durante décadas tivemos. Porén desde o primeiro día esiximos que non se repitan os erros que provocaron a actual situación para o cal propuxemos a redacción dun plan de usos da carballeira. O goberno municipal consideraba hai dous meses que aínda dispoñiamos de moito tempo antes de ser necesario este plan de usos pero a realidade veu demostrar que cando menos unhas normas mínimas son imprescindibles para protexer este espazo. Así na semana pasada observamos profundas rodeiras de furgonetas e/ou camionetas que pisaron a carón dos carballos plantados este ano, comprimindo o solo húmido (unha das cousas a evitar para conservar a saúde das árbores) e dando un exemplo de descoido e irresponsabilidade moi pouco edificante.

Quen ten a responsabilidade de informar a empregados/as do Concello, empresas e cidadanía en xeral do que se pode e non se pode facer na carballeira nestes momentos?

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebral Gómez responde que os traballadores municipais saben perfectamente cales son os usos da carballeira e que non se pode circular con vehículos polo medio dela; como poderedes imaxinar, escapa moitas veces do noso control os traballos que fan empresas externas; neste caso concreto do que fala, somos conscientes, e a empresa responsable xa foi avisada; non son prácticas que se poidan volver realizar.

O Sr. Alcalde sinala que a empresa que fixo iso foi a que entrou co camión, foi un empregado, e está publicado o uso que se ten que facer da carballeira, pero atenderemos a vosa petición e daremos publicidade sobre o que se pode facer.

#### **5. Sobre o Consello Escolar Municipal.**

Xa vai un ano, mais concretamente 15 meses, da moción presentada polo grupo do Bloque Nacionalista Galego a prol da creación do Consello Escolar Municipal. Queremos lembrar que dita moción foi aprobada por todos os partidos, e mesmo o Sr. Alcalde puxo data de creación, antes do 31 de decembro do 2023.

Xa preguntamos en varias ocasións, ao longo deste 2024, como van os trámites para a constitución, e a resposta sempre é a mesma "estamos traballando. e máis pronto que tarde o faremos".

Chegado este punto, e lembrando tamén que esta petición é reiterada ano tras ano (xa polo ano 2017 se fixo unha proposta de creación) e sendo coñecedores que para este Consello Escolar Municipal sexa unha realidade non se precisa de partida orzamentaria, permisos especiais doutros organismos ou mesmo unha mobilización masiva de persoal preguntamos:

Está realmente o equipo de goberno a favor deste Consello ou só votou a favor na moción para quedar ben "cara a galería"?

Cales son exactamente os motivos que impiden levalo a cabo chegando a facer que ata se incumpran promesas feitas?.

É consciente o grupo de goberno que os acordos plenarios son para cumprir e non o puro trámite e que o incumprimento xa non representa tan só unha falta de respecto institucional aos grupos que no seu día o votaron senón a toda a veciñanza a que representamos e neste caso a toda a comunidade educativa de forma especial.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Rey Vázquez responde que pois como ben dixo vostede estamos traballando niso e faremolo o máis pronto posible; agora mesmo o proxecto está estancado debido á saturación laboral derivada da falla de persoal e á limitación económica; e por certo, en referencia ao que din que non é necesaria unha partida económica, si é necesaria, xa que implicaría o pago de horas extras aos funcionarios implicados. Pero tamén lle dicimos que temos falta de persoal que voluntariamente queira formar parte deste consello.

#### **6. Sobre a documentación dos plenos.**

Tamén fai xa máis dun ano, que fixemos a petición para que o grupo de goberno faga chegar toda a documentación dos plenos e comisións aos grupos da oposición de forma dixital.

Pasado este tempo:

Valorouse realmente esta petición e fíxose algún traballo para que no ano 2025 non sigamos a recibir a documentación de forma manual, o cal obrigue a que os portavoces ou concelleiros teñan que dispoñer do seu tempo para desprazarse ao concello e revisar a documentación?.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez responde que o artigo 84 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locales di que toda a documentación dos asuntos incluídos na orde do día que debe servir de base ao debate e, no seu caso, votación deberá estar a disposición dos membros da Corporación desde o mesmo día da convocatoria na Secretaría da mesma e que calquera membro da Corporación poderá, en consecuencia, examinala e incluso obter copias de documentos concretos que a integre, pero os orixinais no poderán saír do lugar en que se atopen postos de manifesto, polo que non podemos enviar os orixinais.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Andrade Carrillo sinala que poden facerse mil copias aquí dos orixinais e envialas.

#### **7. Sobre os terreos do Balneario do Tremo.**

Lembrarán que aló por novembro do pasado 2023 fíxose tala dunhas árbores, entre elas varios carballos, por parte de quen pensaba no seu momento era o propietario.

Logo das protestas da veciñanza da urbanización e de falar o noso compañeiro Xosé Penas co Sr. Alcalde poñéndoo en coñecemento da situación, paralizouse a tala, coa sorpresa de que dito terreo non é privado senón municipal.

Despois disto, e vendo a gravidade de non ter información sobre a propiedade dos terreos, o grupo de goberno comprometeuse a sentarse con nós para facer unha valoración do resto de fincas e valorar posibles usos posteriores das de carácter municipal.

Como é obvio nada disto se cumpriu, polo que preguntamos:

Hai algunha novidade sobre isto?

Fíxose algún traballo, aínda que non fose coa nosa presenza, para algo tan importante como é saber que bens son privados e cales municipais e así conservalos nas mellores condicións ou pola contra pedir responsabilidade a quen corresponda?.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez responde que o asesor xurídico do Concello xa se reuniu co asesor xurídico da empresa, e estamos á espera de que nos dean unha resposta pronto, senón, procederemos a resolver o asunto polos cauces legais correspondentes.

O Sr. Alcalde sinala que é un problema de ven de anos atrás, creo que van ter unha reunión a semana que ven e en función do que se me informe se vos remitirá información.

#### **8. Ratas no Balneario.**

Aproximadamente na mesma data do acontecido na anterior pregunta houbo unha chamada de emerxencia por presenza de ratas na urbanización e arredores do Balneario.

O Concello despois de estudar a mellor maneira de proceder así o fixo, incluso valando unha zona concreta para evitar o perigo, que a día de hoxe segue na mesma condición (como podedes observar na fotografía).

Polo tanto preguntamos:

Levou a cabo algún estudo ou seguimento posterior?

Sábese se na actualidade a praga está erradicada?

Pódese proceder á retirada do valado para deste xeito poder facer o mantemento como corresponde e non supoña unha molestia para a veciñanza?.

O Sr. Concelleiro Vidal González sinala que no 2023 contratouse unha empresa para proceder á desratización; valouse por seguridade, xa que o veneno ten que estar restrinxido para todo tipo de uso humano; precisamente o valo foi retirado porque xa están erradicadas, e con elas, o perigo; non é que non a retiráramos dende 2023, é que houbo outros episodios, de feito, o último hai 2 meses, confirmar que xa non hai problema, as ratas están erradicadas e o perigo tamén, de aí que xa se procedeu á retirada esta semana.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Andrade Carrillo sinala que non criticamos o traballo, era simplemente para dicir que como estaba o tema e se se podía sacar o valo.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e coarenta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González